A Axencia Nacional Portuguesa Erasmus Educación e Formación, adxudicou á Eurocidade Chaves-Verín, AECT, un proxecto Erasmus , no ámbito da mocidade e a transformación dixital: #Novo Embaixadores Dixitais das pemes (Dixital Youth Ambassadors for SMEs). A presentación terá lugar o dia 17 de xuño, 10*h00 (hora española), na sede da Eurocidade.

O proxecto ten como socios á Asociación para o Desenvolvemento da Rexión do Alto Támega (ADRAT) e a Fundación Galicia Europa (FGE) e o seu principal obxectivo é abordar a transformación dixital a través do desenvolvemento de competencias dixitais e respectiva formación.

Este evento diríxese a toda a poboación xuvenil de entre 18 e 30 anos, así como a calquera entidade pública, privada, asociación, empresas, …interesada en coñecer as oportunidades que a UE ofrece á mocidade directamente. A xornada terá unha inscrición gratuíta para poder asistir presencial ou telemáticamente.

Durante a primeira parte desta xornada presentaranse programas, iniciativas, ferramentas ou actividades da UE máis dirixidos aos mozos, ás entidades a favor da mocidade e a emprendedores. Serán os propios mozos quen nos relaten as súas experiencias, apoiados por entidades que representan estes programas que propician o beneficio e as oportunidades existentes no ámbito xuvenil.

Durante a segunda parte da xornada presentarase oficialmente o proxecto “Novo Embaixadores Dixitais para Pemes”. Asistirán os representantes legais do tres institucións: Fundación Galicia Europa, AECT Eurociudad Chaves-Verín e a Asociación para o Desenvolvemento da Rexión do Alto Támega (ADRAT).

A sesión finalizará cos representantes da Eurocidade e cos directores xerais de Mocidade de Galicia e Portugal, e o director da Axencia Nacional ERASMUS JA en Portugal que nos falarán das políticas europeas para mozas en ambas as zonas.

Novo Embaixadores Dixitais para pemes (Dixital Youth Ambassadors for SMEs-DYAS) é un proxecto aprobado e financiado pola Axencia Nacional Portuguesa Erasmus JA. Erasmus (2021-2027). É o programa da Comisión europea nos campos de Educación, Formación, Mocidade e Deporte, que promove a inclusión social, as transicións verdes e dixitais e a participación dos mozos na vida democrática.

Os principais obxectivos que guiará a DYAS son: incrementar as oportunidades laborais e as capacidades persoais dos mozos das zonas rurais, en termos de dixitalización, uso de ferramentas e plataformas dixitais; mellorar a eficiencia empresarial e a competitividade das pequenas empresas, debido á súa evolución en termos de dixitalización e competencias nos mercados dixitais e promover o intercambio de coñecementos e experiencias entre mozas e empresas, así como promover a creación de @nuevo negocios por parte dos mozos.

A súa finalidade é abordar a transformación dixital e capacitar aos mozos, as pemes e as institucións involucradas. Os resultados esperados son a mellora das capacidades formativas e profesionais; un mellor coñecemento das ferramentas dixitais, a integración nas súas comunidades locais e mellora das capacidades da PEME.

Inscrición no evento (ata o 13 de xuño):

https://ec.europa.eu/eusurvey/runner/ErasmusDYAS